

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/3	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	26 de xaneiro de 2021
Duración	Dende as 13:00 ata as 13:15 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 19.01.2021	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 19 de xaneiro de 2021.

Expediente 683/2017. Devolución de aval

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

En data 29/10/2020 con RE 908/2020 preséntase escrito de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída por ALEJANDRO GARCÍA RODRIGUEZ con N.I.F. ----para responder do contrato de SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE CINCO ESTUFAS DE PELLETS PARA CALEFACTAR OS LOCALES SOCIAIS DAS SEGUINTE PARROQUIAS: REFOXOS, PARADA, FIESTRAS, MARGARIDE E CHAPA.

Visto que na cláusula vixésimo segunda estableceuse un prazo de garantía de dous anos dende a acta de recepción do subministro, e que na oferta presentada polo adxudicatario no proceso de licitación mellora o mesmo no prazo dun ano.

Visto que en data 27/11/2017 o director da obra e arquitecto municipal certifica que a recepción das obras tivo lugar o día 30/10/2017. O prazo de garantía finalizou o día 29/10/2020.

Considerando que de conformidade co establecido no art. 102.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se produciase o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Tendo en conta que segundo o artigo 298 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, terminado o prazo de garantía sen que a Administración houbera formalizado algún dos reparos ou a denuncia da existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

Considerando que o art. 102.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos establece que o acordo de devolución deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses desde a finalización do prazo de garantía. Transcorrido o mesmo, a Administración deberá abonar ao contratista a cantidade debida incrementada co interese legal do diñeiro correspondente ao período transcorrido desde o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se fixo efectiva por causa imputable á Administración.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar a devolución da fianza depositada por ALEJANDRO GARCÍA RODRIGUEZ en data 02/10/2017, por importe de 412,25 euros, en garantía do correcto cumprimento do contrato de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CINCO ESTUFAS DE PELLETS PARA CALEFACTAR OS LOCALES SOCIAIS DAS SEGUINTE PARROQUIAS: REFOXOS, PARADA, FIESTRAS,

MARGARIDE E CHAPA.

Segundo.- Notificar ao interesado o presente acordo.

Expediente 70/2021. Omisión de la Función Interventora

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe “De la omisión de la función interventora” un sistema que presenta elementos comúns con co establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é , de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

Núm. reg.	Descripción	Razón social del interesado	Núm. fac.	Importe
000150	FACTURACIÓN SETEMBRO - OUTUBRO	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA SL	SETEMBRO- OUTUBRO	65.267,20
000151	FACTURA ETAP BANDEIRA	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA	F2020027720	600,12
000152	FACTURA ETAP SILLEDA	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA	F2020026153	644,35
000153	FACTURA BOMBEO RÍO TOXA	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA	F2020023558	760,49
000154	FACTURA BOMBEO RÍO TOXA	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA	F2020029264	673,15
				67.945,31

Visto o informe de intervención nº 5 relativo a ditas facturas e e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adopta o presente acordo:

Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva, que se imputarán ao

orçamento 2020.

Expediente 77/2021. Proposta de Gasto. Aprobación facturas pendientes 2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, Alcalde do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, así como o artigo 185 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e demais normativa concordante,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros, aprobou os gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan:

Descrición	Razón social del interesado	Núm. fac.	Importe
02/10/20 CAMBIO CISTERNA 12 M3	TOCA SALGADO, S. L.	0677	3.135,77
Tratamento RU Mes Outubro 2020	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO	2020/3077	18.566,99
DESBROCE CARRETERAS MUNICIPALES AMBOS	SERVICIOS AGROINDUSTRIALES BASCUAS, SI	1292020	17.968,50
Factura emitida polos servizos de recollida e transporte	URBASER, S. A.	1000338V2000020	15.748,24
FACTURA EMITIDA POLOS SERVICIOS DE	URBASER, S. A.	1000338V200023	2.531,10
05/11/20 CAMBIO CISTERNA 12 M3	TOCA SALGADO, S. L.	0751	2.659,03
Tratamento RU Mes Novembro 2020	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO	2020/3324	16.919,49
3º PAGO CONVENIO	ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS ALZHEIMER	2020	6.000,00
SERVICIO DE LIMPIEZA DE COLECTORES (DP + F59	OYS FERNÁNDEZ, S. L. U.	1:A:20/816	536,25
Factura emitida polos servizos de recollida e transp	URBASER, S. A.	1000338V2000025	15.748,24
FACTURA EMITIDA POLOS SERVICIOS DE	URBASER, S. A.	1000338V200028	4.588,10
FACTURA EMITIDA POLOS SERVICIOS DE	URBASER, S. A.	1000338V200019	231,44
Factura emitida polos servizos de recollida e transp	URBASER, S. A.	1000338V2000013	15.748,24
Factura emitida polos servizos de	URBASER, S. A.	1000338V2000016	4.151,95
MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	A/482	1.435,81
MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	DROGA CONDE, S. A.	205618	909,32
ANALISIS DE AGUA	CORPORACIÓN LABER LABORATORIO Y CONSULTORÍA	3072	234,50
PODA DE ARBOLES EN SAIDRES DESBROCE DE	JUAN BASCUAS OTERO	0001	15.246,00
TOTAL			156.714,41

Expediente 59/2021. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**ANTECEDENTES DE FEITO**

PRIMEIRO.- De acordo co previsto no artigo 37 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, “*Os Presidentes das Corporacións Locais con postos vacantes aprobarán a convocatoria de concurso ordinario anual, remitíndoa, dentro do dez primeiros días de febreiro de cada ano, á Comunidade Autónoma, unha vez publicadas as convocatorias, remitiraas ao Ministerio de Facenda e Función Pública, con referencia precisa do número e data do diario oficial en que foron publicadas..*”

SEGUNDO.-

“Visto o establecido nos artigos 29.1 e 29.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en orde á aprobación da convocatoria do concurso ordinario de méritos e das bases que os regulen, dos postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional existentes no Concello Silleda que se atopan vacantes, e cuxas convocatorias deberán remitirse dentro do primeiros dez días do mes de febreiro de cada ano, á Comunidade Autónoma respectiva, de conformidade co artigo 35 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, consta vacante o posto de traballo de Intervención, subescala Intervención-Tesouraría, categoría de entrada, reservado a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- En canto á lexislación aplicable, remitímonos ao Real Decreto 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TREBEP), á Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LRBRL), ao Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en diante TRRL), a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, (en diante LRSAL), o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e no Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, polo que se establecen os méritos de determinación autonómica, nos concursos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, nas Entidades Locais de Galicia.

SEGUNDO.- O artigo 92 bis da LRBRL, engadido en virtude do apartado vinte e cinco do artigo primeiro da LRSAL, regula os sistemas de provisión definitiva dos postos de traballo reservados á Escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Se transcribe:

“(…)

3. Os funcionarios das subescalas de Secretaría e Intervención-tesouraría estarán integrados nunha

destas dúas categorías: entrada ou superior.

4. O Goberno, mediante real decreto, regulará as especialidades da creación, clasificación e supresión de postos reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional así como as que poidan corresponder ao seu réxime disciplinario e de situacións administrativas.

5. A aprobación da oferta de emprego público, selección, formación e habilitación dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional corresponde ao Estado, a través do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, conforme ás bases e programas aprobados reglamentariamente.

6. O Goberno, mediante real decreto, regulará as especialidades correspondentes da forma de provisión de postos reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional. En todo caso, o concurso será o sistema normal de provisión de postos de traballo. O ámbito territorial dos concursos será de carácter estatal.

Os méritos xerais, de preceptiva valoración, determinaranse pola Administración do Estado, e a súa puntuación alcanzará un mínimo do 80% do total posible conforme ao baremo correspondente. Os méritos correspondentes ás especialidades da Comunidade Autónoma fixaranse por cada unha delas e a súa puntuación poderá alcanzar até un 15% do total posible. Os méritos correspondentes ás especialidades da Corporación local fixaranse por esta, e a súa puntuación alcanzará até un 5% do total posible.

Existirán dous concursos anuais: o concurso ordinario e o concurso unitario. O concurso unitario será convocado pola Administración do Estado. As Corporacións locais con postos vacantes aprobarán as bases do concurso ordinario, de acordo co modelo de convocatoria e bases comúns que se aproben no real decreto previsto no apartado anterior, e efectuarán as convocatorias, remitíndoas á correspondente Comunidade Autónoma para a súa publicación simultánea nos diarios oficiais.

Excepcionalmente, os postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional poderán cubrirse polo sistema de libre designación, nos municipios incluídos no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como as Deputacións Provinciais, Áreas Metropolitanas, Cabildos e Consellos Insulares e as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, entre funcionarios da subescala e categoría correspondente. Cando se trate de postos de traballo que teñan asignadas as funcións contidas no apartado 1.b) deste artigo, será precisa a autorización expresa do órgano competente da Administración Xeral do Estado en materia de Facendas locais.

Igualmente, será necesario informe preceptivo previo do órgano competente da Administración Xeral do Estado en materia de Facendas locais para o cesamento daqueles funcionarios que teñan asignadas as funcións contidas no apartado 1.b) deste artigo e que fosen nomeados por libre designación.

En caso de cesamento dun posto de libre designación, a Corporación local deberá asignar ao funcionario cesado un posto de traballo do seu mesmo grupo de titulación.

7. As Comunidades Autónomas efectuarán, de acordo coa normativa establecida pola Administración do Estado, os nomeamentos provisionais de funcionarios con habilitación de carácter nacional, así como as comisións de servizos, acumulacións, nomeamentos de persoal interino e de persoal accidental.

8. Os funcionarios deberán permanecer en cada posto de traballo, obtido por concurso, un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos de provisión de postos de traballo ou ser nomeados con carácter provisional noutro posto de traballo, salvo no ámbito dunha mesma Entidade Local.

Excepcionalmente, antes do transcurso de devandito prazo, poderanse efectuar nomeamentos con carácter provisional polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sempre que existan razóns e circunstancias que requiran a cobertura do posto con carácter urxente por estes funcionarios, e a imposibilidade de efectuar un nomeamento provisional conforme ao establecido no parágrafo anterior.

Reglamentariamente estableceranse as circunstancias excepcionais que xustifiquen a solicitude dun nomeamento provisional, debendo terse en conta, en todo caso, o posible prexuízo ou menoscabo que se xeraría na Entidade Local na que se ocupe o posto no momento da solicitude.

9. No Ministerio de Facenda e Administracións Públicas existirá un Rexistro de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional integrado coas Comunidades Autónomas, onde se inscribirán e anotarán todos os actos que afecten á vida administrativa destes funcionarios.

(...)"

TERCEIRO.- O artigo 92 bis da LRBRL, transcrito anteriormente, dispón que, en todo caso, o concurso será o sistema normal de provisión de postos de traballo. Engade que o ámbito territorial dos concursos será de carácter estatal. Os méritos xerais, de preceptiva valoración, determinaranse pola Administración do Estado, e a súa puntuación alcanzará un mínimo do 80% do total posible conforme ao baremo correspondente. Os méritos correspondentes ás especialidades da Comunidade Autónoma fixaranse por cada unha delas e a súa puntuación poderá alcanzar até un 15% do total posible. Os méritos correspondentes ás especialidades da Corporación local fixaranse por esta, e a súa puntuación alcanzará até un 5% do total posible.

As Corporacións locais con postos vacantes aprobarán as bases do concurso ordinario, de acordo co modelo de convocatoria e bases comúns que se aproben no real decreto de desenvolvemento –tal modelo figura como anexo do Real Decreto 138/2018, de 16 de marzo-, e efectuarán as convocatorias, remitíndoas á correspondente Comunidade Autónoma para a súa publicación simultánea nos diarios oficiais.

O modelo de convocatoria e bases comúns dos concursos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional figura como anexo do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Mediante Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, establecéronse os méritos de determinación autonómica, nos concursos para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, das entidades locais de Galicia.

De conformidade co artigo 35 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, os Presidentes das Corporacións locais aprobarán a convocatoria do concurso ordinario e remitirana, dentro do dez primeiros días de febreiro de cada ano, á Comunidade Autónoma respectiva, para a súa publicación conxunta dentro da segunda decena do mesmo mes.

CUARTO.- Corresponde ao Alcalde a aprobación das presentes bases, de acordo co previsto no artigo 21.1 g) da LRBRL, competencia que ten delegada na Xunta de Goberno Local por acordo de 25 de xuño de 2019.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos seus membros, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Aprobar as bases específicas que han de rexer o concurso para a provisión con carácter definitivo, por concurso ordinario de méritos, do posto de traballo de Intervención, vacante no Persoal desta Corporación e reservado a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, de acordo coas bases comúns que figuran como anexo do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, e aos méritos de determinación autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia que se detallan no Decreto 49/2009, de 26 de febreiro, co seguinte tenor literal:

BASES ESPECÍFICAS DO CONCURSO ORDINARIO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE INTERVENCIÓN, VACANTE NESTA CORPORACIÓN, RESERVADO A FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL

CORPORACIÓN: Il. Concello de Silleda

POBOACIÓN: A poboación do municipio a 31 de decembro de 2020 é de 8861 habitantes.

DENOMINACIÓN DO POSTO: Intervención.

SUBESCALA: Intervención-Tesouraría.

CATEGORÍA: Entrada

NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO: 26.

CONTÍA DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 20.954,55 € anuais.

POSTO NON CUBERTO POR TITULAR QUE SE XUBILE NOS 6 MESES SEGUINTE S Á PUBLICACIÓN

A) MÉRITOS ESPECÍFICOS:

1. Méritos profesionais (a puntuación máxima neste epígrafe será de 1,5 puntos)

Por servizos prestados en postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional da subescala de intervención-tesouraría, en concellos de Galicia, que presten o servizo de extinción de incendios, en réxime de nomeamento definitivo, provisional

ou comisión de servizos: 0,03 puntos por mes ata o máximo de 1,5 puntos.

Xustifícase dito criterio polo feito de que, se ben non se trata dun servizo obrigatorio para concellos de menos de 20.000 habitantes, o Parque contraincendios e de salvamento de Silleda é a sede do Consorcio contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Deza-Tabeirós-Terra de Montes.

Xustifícase valorar unicamente os servizos prestados como titular do posto, nomeamento provisional e en comisión de servizos xa que son as formas de prestación de servizo por parte de funcionarios de carreira pertencentes ao corpo de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que garanten unha dedicación total ao posto e polo tanto o tempo efectivamente prestado, descartando outras formas de provisión como a acumulación ou a comisión circunstancial.

Xustifícase exixir que os municipios onde se prestou o servizo pertencen á Comunidade Autónoma de Galicia xa que a xuízo desta corporación o parámetro territorial determina en boa medida a complexidade e variedade dos procedementos administrativos ao contar Galicia con lexislación e normativa autonómica propia diferenciada.

Acreditarase mediante certificación expedida polo concello ou entidade en que se prestaron servizos coa especificación das características sinaladas e tempo de servizo prestado no concello.

B) MÉRITOS XERAÍS:

A valoración de méritos xerais obterase da relación publicada na páxina web do Ministerio de Facenda e Función Pública, na mesma data que a convocatoria conxunta, sen que sexa posible acreditación adicional ningunha por parte dos concursantes nin valoración distinta por parte do tribunal.

C) MÉRITOS DE DETERMINACIÓN AUTONÓMICA:

Os concursantes acreditarán os méritos que aleguen, no momento que se indique na convocatoria, mediante a presentación das certificacións correspondentes ou da copia dos títulos debidamente compulsados, así como, no seu caso, das publicacións referidas.

Dita aportación de documentación poderá ser substituída pola última relación individualizada de méritos autonómicos publicada na páxina web eidolocal cando non se aleguen máis méritos que os recollidos na mesma.

D) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:

De acordo co establecido no Decreto 103/2008, do 8 de maio, exíxese como requisito o coñecemento da lingua galega. Este se acreditará mediante a presentación do certificado da lingua galega (Celga 4) ou do seu equivalente.

Dita aportación de documentación poderá ser substituída pola última relación individualizada de méritos autonómicos publicada na páxina web eidolocal.

ENTREVISTA: Non se contempla.

COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL:

Estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Fernanda Montero Parapar, secretaria do Concello de Silleda.

Suplente: José Manuel González García, Vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Vogais:

Margarita Fernández Sobrino, interventora do Concello de Ames.

Suplente: María Teresa Buján Mosquera, interventora do Concello de Melide.

Sandra María García Chenlo, secretaria do Concello de Boiro.

Suplente: Sergio Curra Moreira, interventor do Concello de Cangas

M^o Cristina Varela Martínez, secretaria-interventora do Concello de Xemade.

Suplente: Paula Ares Otero, secretaria-interventora do Concello de Lousame.

Secretaria: María del Mar Lirola Delgado, interventora do Concello de Porto do Son

Suplente: Dalmiro Nuñez Méndez, secretario-interventor do Concello de Boqueixón.

IMPUGNACIÓNS.- A convocatoria e as súas bases, e cantos actos administrativos deriven deste e das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e as formas establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo.- Efectuar a convocatoria do concurso ordinario para a provisión do posto de traballo de Intervención.

Terceiro.- Remitir a resolución que se adopte á Dirección Xeral de administración local.

Expediente 1197/2020. Contratacións

Inclusión por urxencia Expediente 1197/2020.-

Toma a palabra o Sr. Alcalde, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 26 de xaneiro de 2021.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Expte. - 1197/2020. Aprobación "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA. PLAN CONCELLOS 2020-2021".

Visto que esta actuación está subvencionada pola Deputación Provincial de Pontevedra no PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2020 (liña 1)).

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro, Román Gómez Fraiz, en maio de 2020, denominado: "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA", por importe de 250.000,00 euros (206.611,57 euros máis 43.388,43 euros de IVE). Aprobado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de decembro de 2020.

Consta o expediente acta de replánteo asinada o día 15/12/2020.

Visto que polo técnico redactor, preséntase un novo proxecto que modifica o anterior por advertirse un erro que facía inviable a súa execución coa valoración establecida.

Vista a necesidade de iniciar un novo procedemento de contratación desta obra descrita no proxecto de execución previo desistimento do anterior por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 19/01/2021.

Vista a Providencia de Alcaldía de data 21/01/2021 na que se indica que se proceda a iniciar o procedemento de contratación.

Constando no expediente informe de secretaría nº 006/2021 de 21 de xaneiro.

Visto o prego de cláusulas administrativas asinado polo Sr. Alcalde-Presidente en data 26/01/2021.

Visto o informe nº 008/2021, de 26 de xaneiro, de fiscalización do expediente de contratación e dos pregos de cláusulas administrativas da Secretaría da Corporación.

Visto o informe de fiscalización da Intervención da Corporación ao procedemento de contratación de data 26 de xaneiro de 2021.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adopta o presente acordo:

Primeiro.- Aprobar o modificado do proxecto de obra denominado "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA") por importe de 250.000,00 euros (206.611,57 euros mais 43.388,43 euros de IVE), que ten por obxecto a corrección do erro observado no proxecto inicial advertido durante a súa licitación..

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, do contrato de execución da obra denominado "MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN

SILLEDADA”) por importe de 250.000,00 euros (206.611,57 euros mais 43.388,43 euros de IVE).

Terceiro.- Aprobar o gasto por importe de 250.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 151/61901, do Orzamento de gastos do Concello para o 2020.

Cuarto.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación mediante procedemento aberto simplificado do presente contrato de obras.

Quinto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto, dando orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no perfil do contratante do Concello de Silleda, para que no prazo de 26 días naturais presenten as proposicións que se estimen pertinentes.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE